

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 3 CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA E 1 CAPATAZ, 1 PEÓN ESPECIALISTA CONDUTOR E 3 PEÓNS, EN CALIDADE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA, PARA A PARTICIPACIÓN EN TAREFAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA E CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN:

A través das presentes bases regúlase o proceso de selección para a contratación, con carácter laboral temporal, TRES CONDUTORES e unha brigada, composta por UN CAPATAZ, UN PEÓN ESPECIALISTA CONDUTOR E TRES PEÓNS, para dar cumprimento ao previsto no *Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023, cofinanciado parcialmente polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.*

- O proceso de selección realizarase mediante concurso oposición.
- O persoal seleccionado será contratado en réxime de laboral temporal a xornada completa, de luns a domingos, respectando os descansos establecidos por Lei. As persoas que compoñen a brigada realizarán os labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres (3) meses de operatividade, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias. (punto 2 da cláusula oitava do convenio)
- A modalidade contractual será de duración determinada, vinculada a programas financiados con fondos Europeos (modelo 406).
- A duración do contrato será a establecida na Cláusula Primeira do Convenio, 3 meses, segundo a operatividade da brigada e a actuación do vehículo motobomba.

O salario a percibir será:

- CONDUTORES CAMIÓN MOTOBOMBA: 1.344,81 € brutos mensuais que inclúe o salario base e o prorrateo de pagas extras.



- CAPATAZ BRIGADA PREVENCIÓN: de 1.344,81 € brutos mensuais que inclúe o salario base e o prorrateo de pagas extras.
- PEÓN CONDUTOR BRIGADA: de 1.323,00 € brutos mensuais que inclúe o salario base e o prorrateo de pagas extras.
- PEÓNS BRIGADA PREVENCIÓN: de 1.323,00 € brutos mensuais que inclúe o salario base e o prorrateo de pagas extras.

As presentes bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Lalín (www.lalin.gal) e no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>).

O anuncio da convocatoria será publicado na páxina web do Concello de Lalín (www.lalin.gal), no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e nun diario dos de máxima difusión deste municipio.

As convocatorias e resultados das probas serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Lalín (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na web municipal www.lalin.gal no apartado de procesos selectivos.

2.-FUNCÍONS.

- Serán función dos/das condutores do vehículo motobomba : a de conducir e manexar o vehículo motobomba municipal adscrito ao servizo para a prevención e defensa contra incendios así como as que lle poidan encomendar a Alcaldía e os concelleiros/as delegados/as que garden relación coa súa función principal.
- Serán funcións do/da capataz da brigada : distribuír as tarefas a realizar entre os peóns, supervisar que o traballo sexa eficaz e se realice tomando as medidas de seguridade necesarias, desprazándose co equipo e velando pola súa seguridade.
- Serán funcións do peón condutor da brigada : ademais dos traballos de prevención de incendios forestais que realizan os demais peóns da brigada, conducirá o vehículo todoterreo que utilizan.



- Serán funcións dos peóns da brigada : realizarán, de forma habitual, traballos de prevención de incendios forestais, consistente na redución e control de combustibles forestais, de forma manual, facendo máis resistentes os montes ao inicio e propagación do lume e facilitando a extinción, en caso de producirse un incendio.

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

- a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas a que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspiraron padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. As persoas con minusvalías serán admitidas en condición de igualdade que os demais aspirantes, agás que a restrición padecida lles impida ou lle resulte incompatible co desempeño das funcións propias da praza. O tribunal examinará e resolverá motivadamente estas peticións podendo solicitar o oportuno informe dos organismos competentes.
- d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

Requisitos específicos para os condutores de camión motobomba:



- a) Estar en posesión do permiso de condución C que o habilite para a condución do vehículo motobomba.

Requisitos específicos para os/as capataces de brigada: Cláusula sétima.

- a) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos; técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
- b) Estar en posesión do carné de conducir B.

Requisitos específicos para os/as peóns condutores:

- a) Esta en posesión do carné de conducir B.

Non existe requisito específico para os peóns de brigadas

Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Concello de Lalín durante un prazo superior de dezaioito (18) meses nun período de vinte e catro (24) meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción, sexa directamente ou a través da súa disposición por empresas de traballo temporal, para os efectos do previsto no artigo 15.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, redactado polo apartado tres do artigo primeiro do R.D.-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo («BOE.» 30 decembro; Corrección de erros «BOE.» 18 xaneiro 2022).

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

4.- TAXAS POR DERITOS DE EXAME:

Ademais de cumprir as condicións sinaladas na Base III, as persoas aspirantes deberán pagar unha taxa de dereitos de exame que, para o **GRUPO AGP** ven establecida en **10 €**, segundo o estipulado na Ordenanza fiscal reguladora nº 19 publicada no BOPPO nº 45, do 22 de decembro de 2023 “Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por expedición de documentos



administrativos e servizos urbanísticos". O pagamento farase efectivo a través da **sede tributaria do Concello de Lalín** (enlace desde a páxina web do Concello de Lalín: www.lalin.gal).

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun diario de máxima difusión. A presentación das solicitudes farase no Rexistro do Concello de Lalín, en horario de 09:00 a 15:00 horas en días laborais, na sede electrónica municipal (<http://lalin.sedelectronica.gal>) ou nas demais oficinas públicas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que a solicitude non se presente no Rexistro do Concello deberá enviarse un correo electrónico (www.emplo@lalin.gal) co documento acreditativo da súa presentación en prazo. Se o último día de prazo fose sábado, domingo ou festivo prorrogase ao día seguinte hábil.

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar unha INSTANCIA E A DECLARACIÓN dirixida o Sr. Alcalde, o modelo destas é o que figura no ANEXO das presentes bases, na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Á solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou, no seu caso, de documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Fotocopia do permiso de conducir, de ser o caso. No caso de permisos obtidos no estranxeiro aportarse fotocopia cotexada da documentación que acredite a súa homologación en España, no caso de ser necesario.
- Certificado médico que acredite posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias.
- Documentación acreditativa dos requisitos académicos específicos sinalados na cláusula terceira das presentes bases.
- Documentación acreditativa do pagamento das taxas por dereitos de exame.



A instancia deberá ir acompañada da documentación acreditativa dos méritos segundo se indica na cláusula 7.1 das presentes bases.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra de prazo de presentación de instancias, xa que non poderán ser subsanados. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

6.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, no prazo de dous (2) días naturais, declararase aprobada a relación de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, e publicarase na páxina web municipal (www.lalin.gal), na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello. No caso de que non houbose candidatos/as excluídos/as, a lista elevaríase a definitiva.

Os/as aspirantes excluídos/as ou omitidos/as disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da relación para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión e formular as reclamacións que consideren á lista provisional. As reclamacións serán resoltas polo Tribunal cualificador estimándoas ou desestimándoas.

No prazo de dous (2) días naturais aprobarase a lista definitiva e ordenarase a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (www.lalin.gal), xunto coa data, lugar e hora de comezo da proba práctica.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.



Estará constituído por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaboraran durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, conforme ao disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado. Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común. A solicitude de recusación poderase presentar de maneira electrónica a través do rexistro do Concello de Lalín.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto, excepto a persoa que ostente a condición de secretaria do tribunal, que terá voz, pero non voto.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo, o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.



O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan expoñerse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada, de acordo con o precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O recurso de alzada poderá presentarse de maneira electrónica a través do rexistro do Concello de Lalín. Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Lalín, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interpoñerse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, e no caso de que sexan nomeados para o presente procedemento, abonaránselles as indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

8.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso oposición.



8.1 . FASE DE OPOSICIÓN (Máximo 15 puntos).

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba de aptitude física, e unha proba escrita.

8.1.a).- Proba de aptitude física:

A proba física consistirá na realización da denominada “Proba do Banco”. Empregando un banco de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, no que o candidato se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo márcase con un metrónomo. Unha vez rematado este tempo a persoa que realizou o exercicio repousará quince segundos, e unha vez rematados tomaráselle as pulsación, no pulso ou no pescozo, contando as pulsacións durante outros quince segundos.

Os candidatos serán pesados, e cos datos de idade, peso e pulsacións determinarase o coeficiente de saúde nas táboas de capacidade aeróbica, debendo acadar unha puntuación de capacidade aeróbica, como mínimo, igual a 40 para superar a proba.

A proba cualificarase de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio.

8.1.b).- Proba escrita.

A proba consistirá na realización dun suposto relacionado coas funcións do posto a desenvolver. O tempo máximo para a realización desta proba será de vinte (20) minutos.

A proba será puntuada de cero (0) a quince (15) puntos, sendo necesario acadar un mínimo de sete con cinco (7,5) puntos. Terá carácter eliminatorio.

8.2. FASE DE CONCURSO (Máximo 8 puntos).

Na fase de concurso valorarase a experiencia laboral previa relacionadas coas funcións do posto ao que se opta.

8.2.a).- Experiencia profesional: (Máximo 5 puntos).

- Experiencia profesional previa nas funcións do posto ao que se opta: 0,25 puntos por cada mes de servizo.
- Experiencia profesional previa noutras actuacións de prevención e defensa contra incendios: 0,1 puntos por cada mes de servizo



Puntuaranse os meses completos de servizo. Os días soltos serán acumulables por fraccións de 30 días para os efectos do cómputo dun mes de servizo e a súa correspondente valoración.

A valoración reducirase proporcionalmente no caso de que os servizos foran prestados a tempo parcial.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación expedida pola Administración Pública ou empresa correspondente, copia de contrato de traballo acompañado de informe de vida laboral, certificado de servizos ou calquera outro medio admisible en dereito, no que conste a denominación da praza e o posto de traballo desempeñado e o período de prestación dos servizos.

8.2.b).- Formación relacionada co posto de traballo: (Máximo 3 puntos.)

Valorarase os coñecementos de que dispoña o candidato relacionados co posto de traballo tales como prevención e defensa contra incendios, mecánica, reparacións e mantemento de maquinaria, seguridade e saúde, etc, dos que os interesados posúan certificado ou credencial de asistencia, convocados ou homologados por centro u organismo oficial de formación.

Valorarase 0,05 puntos por cada 10 horas formativas, non computándose o exceso de horas sobre fracción de 10 de cada curso.

En todo caso será valorable a formación na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) do seguinte xeito:

- Curso Básico de Protección Civil: 1 punto.
- Curso Nivel II de incendios urbanos e forestais: 0,5 puntos
- O resto dos cursos desta academia, relacionados directamente co posto a desenvolver, a razón de 0,07 por cada 10 horas formativas

Os cursos acreditaranse mediante copia cotexada do diploma ou certificado de aproveitamento ou asistencia, debendo constar expresamente a duración dos mesmos.

Os cursos que non acrediten o número de horas non serán puntuables.



En ningún caso o Tribunal poderá presumir a concorrencia de mérito ningún distinto dos alegados e acreditados documentalmente dentro do período de presentación de instancias, agás causas de forza maior alegadas no momento de presentación da solicitude de admisión a este proceso de selección, e de libre apreciación polo Tribunal, sendo da exclusiva responsabilidade do aspirante a falta ou defecto na acreditación dos méritos por el alegados que impida ao Tribunal Cualificador a súa valoración.

9.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS:

Os aspirantes serán convocados, provistos do seu DNI para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, e agás causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. O Tribunal poderá requirir en calquera momento aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.

Se durante o proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carecera dos requisitos necesarios para participar na convocatoria, procederá á súa exclusión de dito proceso, debendo deixar constancia en acta dita exclusión de xeito motivado.

O lugar, data e hora de celebración do primeiro exercicio anunciarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal, e na sede electrónica, xunto á publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal Cualificador. O lugar, data e hora de celebración do seguinte anunciarase no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica e na web municipal.

Os resultados das probas realizadas serán publicados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na sede electrónica e na web municipal.



10.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. Finalizada a fase de oposición, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa cualificación acadada por cada un deles/as, xunto coa baremación provisional da fase de concurso.

2. As persoas candidatas disporán dun prazo de dous (2) días naturais onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas, tanto á fase de oposición como á baremación provisional da fase de concurso. Transcorridos eses dous (2) días naturais, procederase a elevar a definitivo dito listado e publicar a acta final de selección.

3. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a: 1º. Maior puntuación na proba escrita. 2º. Maior puntuación na valoración de méritos da fase de concurso. No caso de persistir o empate resolverase mediante unha proba práctica a decidir polo Tribunal.

4. Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal dará traslado á Alcaldía da relación dos candidatos e as puntuacións obtidas polos mesmos, propoñendo a contratación dos que obtiveran as maiores puntuacións, de acordo co número de prazas ofertadas, conforme aos seguintes termos:

1º) Os aspirantes propostos para a súa contratación, que será efectuada a favor dos aspirantes con maior puntuación final.

2º) Lista de reserva a efectos de cobertura, de tal modo, que ademais dos aspirantes propostos para o nomeamento, o órgano de selección establecerá entre os restantes aspirantes que teñan superado o proceso selectivo, unha lista de reserva para poder efectuar nomeamentos nos casos nos que se produza baixa, renuncia ou vacante co fin de asegurar a cobertura das prazas.



A orde na lista determinarase polas puntuacións acadadas no proceso selectivo e de acordo coa proposta efectuada polo Tribunal de selección. Esta lista de reserva terá vixencia durante o tempo de duración da prestación do servizo.

A relación de candidatos e as puntuacións obtidas serán publicadas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

11.- RECOÑECEMENTO MÉDICO E FORMACIÓN.

Os aspirantes que acaden a maior puntuación deberán pasar un recoñecemento médico, inmediatamente despois da sinatura do contrato, co resultado de apto no centro indicado polo Concello. De non resultar apto chamarase ao seguinte candidato da lista, por orden de puntuación, que tivera superado todas as probas do proceso selectivo. Dito recoñecemento médico deberá acreditar que o aspirante non padece enfermidade ou defecto físico o psíquico que lle impida o normal desempeño do cargo e exercicio das correspondentes funcións que debe desempeñar. Deberá facer constar expresamente que o candidato non conta con incapacidades, lesións ou trastornos dos aparatos cardiovascular, dixestivo, respiratorio, do sistema nervioso central, trastornos psicolóxicos e otorrinolaringolóxicos, enfermidades e limitacións do aparato locomotor, enfermidades infecciosas e obesidade que lle impidan o normal desempeño do cargo e exercicio das correspondentes funcións que debe desempeñar. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a xordeira son igualmente causas de exclusión.

Os aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificación expedida polos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade no desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, aqueles aspirante que superasen o recoñecemento médico, deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e a defensa contra os incendios forestais de 16 horas, que será impartido polo persoal competente na materia do curso. Este, realizarase logo da selección de persoal e con anterioridade ao inicio da operatividade ou, no seu defecto, nos dous primeiros días desta. É unha formación obrigatoria para todo o persoal vinculado ás accións deste convenio, independentemente de que o realizaran con anterioridade.



12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os aspirantes propostos para a súa contratación deberán presentar no Concello de Lalín, dentro do prazo máximo de tres días hábiles, dende a publicación da lista de aprobados, os documentos que a continuación se relacionan:

- Certificado de conta bancaria da que sexa titular o aspirante coa finalidade de proceder ao aboamento das nóminas.

Se dentro de prazo indicado, e agás casos de forza maior, o aspirante proposto non presentara a documentación e/ou non se reúnen os requisitos esixidos, non poderá ser contratado e serán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurrirá por falsidade na instancia. Neste caso o Tribunal formulará proposta adicional a favor do candidato quen lle siga na orde de puntuación, sempre que superara as probas esixidas nas presentes bases.

13.- SINATURA DO CONTRATO.

Unha vez comprobado que os aspirantes propostos presentaron a documentación esixida procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación.

Aqueles que resulten nomeados para ocupar os postos quedarán sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

14.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

A presentación de candidaturas para participar no proceso selectivo regulado polas presentes bases implica por parte dos candidatos a aceptación íntegra do disposto nas mesmas.



15.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas

O Alcalde

Xosé Crespo Iglesias

ANEXO I. TEMARIO



Tema 1. Conceptos xerais sobre incendios forestais. Física do lume, fases da combustión. O comportamento dos lumes forestais.

Tema 2. Tipos de incendios e técnicas de extinción. Tipos de ataque.

Tema 3. Ferramentas de loita contra incendios forestais. Seguridade persoal. EPIs individuais.

Tema 4. O comportamento ante o lume das distintas especies vexetais nos montes de Lalín.

Tema 5. Toponimia e rede viaria dos lugares e montes de Lalín.

Tema 6. Ferramentas de limpeza forestal, tipos, usos e mantementos.

Tema 7. Os distritos forestais. Cadea de mando nos incendios forestais.

Tema 8. Primeiros auxilios.

Tema 9. O PLADIGA e a Guía Básica de Introducción de Incendios Forestais.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN INCENDIOS FORESTAIS



NOME E APELIDOS			
DNI/NIE	NAF	DATA NAC	
ENDEREZO			C.P
TELÉFONO	NIVEL ESTUDIOS		

Participante no proceso de selección do Concello de Lalín para a contratación laboral temporal, para o posto de

- CONDUTOR MOTOBOMBA
 CAPATAZ DE BRIGADA
 PEÓN CONDUTOR
 PEÓN DE BRIGADA

DECLARO:

<input type="checkbox"/> Reunir os requisitos sinalados na convocatoria, que declara coñecer. <input type="checkbox"/> Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. <input type="checkbox"/> Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público. <input type="checkbox"/> Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.
--

Lalín, de xuño de 2024

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

De acordo coa lexislación, europea e española, en Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os datos por vostede facilitados para a súa participación como aspirante a un proceso selectivo, serán tratados, en calidade de Responsable, polo **CONCELLO DE LALÍN**.



Estes datos utilízanse para a xestión da súa solicitude e posterior participación no proceso selectivo organizado polo **CONCELLO DE LALÍN**. Así mesmo, serán utilizados para a xestión das listas de espera e selección e cesamento de persoal non permanente do **CONCELLO DE LALÍN**, que no seu caso, puidese derivar do devandito proceso selectivo.

Para a consecución da finalidade antedita poderá producirse, chegado o caso, o tratamento de información referente a datos de saúde (% e tipo de diversidade funcional), nos procesos selectivos relativos a quenda de persoas con diversidade funcional, co fin de poder xestionar as adaptacións que vostede nos solicite para participar no devandito proceso, así como comprobar que reúne os requisitos de participación esixidos nas Bases da Convocatoria, e no seu caso a posterior adaptación do seu posto de traballo. Así mesmo, en procesos da quenda para persoas con diversidade funcional e no resto de quendas poderá utilizarse devandito dato de saúde, en relación coa exención de taxas de exame. Tamén poderá utilizarse a información e documentación que presenten os aspirantes para xustificar, no seu caso, se están exentos (total ou parcialmente) do pago da taxa por dereitos de exame, de conformidade co establecido nas ordenanzas fiscais do CONCELLO DE LALÍN que regulan ditas taxas.

O seu nome e apelidos, se foi admitido ou non ao devandito proceso selectivo, o motivo da súa exclusión, os resultados/notas das distintas fases e exercicios do proceso selectivo e a súa nota final, incluíndo a súa situación de aprobado ou suspendido, a valoración dos seus méritos da fase de concurso (se a houbera), a súa orde no resultado dos mesmos, a súa proposta de nomeamento e nomeamento, así como no seu caso, a súa inclusión na lista de espera resultante do proceso selectivo e o seu estado na mesma (activado ou desactivado), poderán ser publicados en:

- O "Taboleiro de Anuncios" do CONCELLO DE LALÍN, conforme establece o artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- No sitio web institucional, de conformidade co establecido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas"
- E no Boletín Oficial da Provincia.

A publicación dos datos antes mencionados realizarase tanto en relación con procesos de persoal permanente como non permanente, incluíndo aqueles relativos a quendas de persoas con diversidade, cuxas acodes aspirantes coa firma da solicitude de admisión a procesos selectivos (Autoliquidación taxas dereito de exame), consenten expresamente á devandita publicación.

Non entanto, se vostede atópase nunha situación de especial protección (por exemplo vítima de violencia de xénero), e achega a documentación acreditativa da mesma, o seu nome e apelidos, serán encriptados e/ou codificados co fin de preservar a súa seguridade.

A base legal para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, coas finalidades anteriormente mencionadas é a firma da solicitude de admisión a procesos selectivos (Autoliquidación taxas dereito de exame) e con iso a aceptación das bases da convocatoria, da que esta base forma parte.

Os datos de carácter persoal achegados por vostede, serán conservados como mínimo o tempo necesario para atender posibles reclamacións e recursos do proceso selectivo. Ud. poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. A estes efectos, deberá presentar un escrito no Rexistro de Entrada, electrónico ou presencial, do CONCELLO DE LALÍN. No escrito deberá especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá mostrar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento identificador equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificador do mesmo. Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpor unha reclamación, en primeiro lugar, ante o noso Delegado de Protección de Datos: dpd@lalin.gal ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos (<http://www.aepd.es>)/www.aepd.es).

